Nº.: 37

"O SAL DA TERRA"

Una historia del sindicalismo gallego

Serie de televisión, 2000, 6 capítulos, 27 min., emitido por TVG

Dirección: Valentín Carrera
Realización: Pedro Narciso y Lucía Rodríguez
Guión: Antonio Lodeiro, Luís Liste, Carlos Vázquez y Valentín Carrera
Cámara: Francisco Vidinha, Marcos Gallego, Julio Ferreiro y Alberto Trabada
Narrador: Gonzalo Faílde
Presentadora: Uxía Blanco
Música Original: Sergio Cobos, Coplas Populares
Producción: Inmaculada Castaño y Antonio Costa Valente

FICHA TÉCNICA

TÍTULO	O SAL DA TERRA / LA SAL DE LA TIERRA	
SLOGAN	Una historia del sindicalismo gallego	
GÉNERO	Historia y Biografía	
MODALIDAD	Documental	
FORMATO	Programa de TV	
SIST.GRABACIÓN	BTC SP	
ASPECTO RATIO	4:3	
IDIOMA ORIGINAL	Versión gallego y versión castellano Promocional gallego	
DURACIÓN	6 capítulos x 27 minutos Promocional 25 min.	
AÑO	2000	
NACIONALIDAD	España	
FECHA ESTRENO	Santiago de Compostela, 16 – junio – 2000	
COPRODUCTORES	NOMBRE	PORCENTAJE
	IBISAtv	50%
	TVG	50%
PATROCINADORES	CC.OO y UGT, subvencionada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, USC	
EMISIONES TV	**NOMBRE**	**FECHA EMISIÓN**
	TVG	Septiembre 2000
	TVG Internacional	
LOCALIZACIONES	Galicia	
CALIFICACIÓN	Todos los públicos	
WEB	www.ibisatv.com	
PALMARÉS	Nominado al premio AGAPI 2000 al mejor documental y al mejor guión	
DEP. LEGAL	PROYECTO	C-952-95
	GUIÓN	C-177-97

SINOPSIS

(castellano)

La historia de la clase obrera gallega desde los orígenes del sindicalismo hasta los conflictos obreros de los años 70.

Una descripción explícita y compleja de la historia contemporánea de Galicia: los acontecimientos políticos, el desarrollo económico, los procesos culturales y el papel entrecruzado de los grupos sociales.

La historia de los hombres y de las mujeres, de las fábricas, el campo y el mar es la columna vertebral de la historia de un país. Durante muchos años, la vida y los acontecimientos que dibujan la trayectoria de la clase obrera gallega han estado sometidos al silencio de la cultura oficial y de muchos historiadores.

Esta serie cuenta hechos de lucha, de heroísmo y progreso. “La Sal de La Tierra” es una reivindicación de la dignidad de obrero, marineros y campesinos. Un homenaje al sentido solidario de sus actos.

(gallego)

A historia da clase obreira galega desde as orixes do sindicalismo ata os conflictos obreiros dos anos 70.

Unha descripción explícita e complexa da historia contemporánea de Galicia: os acontecementos políticos, o desenvolvemento económico, os procesos culturais e o papel entrecruzado dos grupos sociais.

A historia dos homes e mulleres das fábricas, do campo e do mar é a columna vertebral da historia de Galicia. Durante moitos anos, a vida e os acontecementos que debuxan a traxectoria e o papel da clase obreira galega estiveron sometidos ó silencio da cultura oficial e de moitos historiadores.

Esta serie conta feitos de loita, de heroísmo e progreso. O Sal da Terra é unha reivindicación da súa dignidade e do sentido solidario dos seus actos.

CAPÍTULOS

1. AS ORIXES DO MOVEMENTO OBREIRO GALEGO. A CHEGADA DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL (1750 – 1874)

Morte do Marqués de Sargadelos. O luddismo. Os Mártires de Carral. Banquete de Conxo. Primeiro ferrocarril galego. Primeira internaiconal. Federación Anarquista. A Comuna de París. Xornal "El Trabajo". Primeira folga en Galicia. Primeira República. Golpe Militar de Pavía.

O primeiro capítulo da historia da clase obreira galega comeza nos albores da Revolución Industrial, cando chegan a Galicia emprendedores cataláns acollidos con receo e desconfianza, mesmo con sucesos tráxicos como a morte do Marqués de Sargadelos. A Galicia da época é pobre e rural e sofre a grave crise económica do século dezanove que vai ser, en toda Europa, o caldo de cultivo dos primeiros movementos obreiros.

É unha época de convulsións e esperanza: tralo manifiesto comunista de Marx, aparecen a Primeira e a Segunda Internacional, e A Comuna de París. En Galicia bule a actividade dos ilustrados como Fontán e Aurelio Aguirre, acontecen os sucesos dos Mártires de Carral e chegan ecos de Internacionalismo e nacen os primeiros partidos e asociacións obreiras. As súas reivindicacións desencadean en mil oitocentos setenta e dous a primeira folga en Galicia, concidindo co espírito democrático da Primeira República. O seu fracaso freará en seco as ilusións populares.

2. OS PRIMEIROS DE MAIO. TEMPO DE ESPERANZA NO CAMBIO DE SÉCULO (1874 – 1900)

Restauración da monarquía borbónica. Fundación do PSOE. O rexurdir obreiro. Cánovas ó poder. Fundación da UGT e Segunda Internacional. Primeiro de maio. Folga de carpinteiros. Primeira Agrupación Socialista Galega. Encíclica *Rerum Novarum*.

Neste novo capítulo asistiremos a feitos importantes como a fundación da UGT ou o nacemento da celebración do Primeiro de Maio e saberemos da vida de loitadores como Ricardo Mella ou Pablo Iglesias.

Nos últimos anos do dezanove, campesiños, obreiros e mariñeiros crean as súas asociacións de defense e protagonizan accións de loita para conquistar dereitos básicos como a xornada de oito horas e o descanso dominical. Organízanse tamén as mulleres traballadoras que emprenden loitas como a da Fábrica de Tabacos de A Coruña, inmortalizada por Pardo Bazán.

3. TEMPOS DE REVOLUCIÓN E PÓLVORA. LOITA SOCIAL E POLÍTICA (1900-1923)

Unión Galaico – Portuguesa e Folga Xeral Coruñesa. Folga do Peixe. Lei de Sindicatos Agrícolas. Asembleas de Monforte. Congreso Internacional da Paz. Vigo, Congreso Confederación Patronal. Ditadura de Primo de Rivera.

No capítulo terceiro entramos de cheo no século vinte e asomámonos a focos de conflictividade alimentados por unhas condicións de vida precarias. O socialismo e o anarquismo continúan o seu labor de implantación en toda Galicia e mesmo se inician relacións co movemento obreiro portugués. As loitas acadarán a sua maior intensidade nas folgas xerais de mil novecentos un e mil novecentos tres ó tempo que tamén os patróns comezan a organizarse para contrarestar a puxanza obreira.

Naqueles primeiros anos do novo século, Ferrol, berce do movemento obreiro, acolleu o Congreso Internacional da Paz. A crise provocada pola Guerra Europea e a Guerra de Marrocos, coa puntilla do desastre de Annual, move a solidariedade ós obreiros de todas as tendencias. Pero as súas ilusións e loitas, como a creación da Confederación Regional Galaica, toparán cun muro: en mil novecentos vintetrés, o Exército toma o poder con Primo de Rivera á cabeza e instaura unha dictadura militar.

4. O SOÑO ROTO. O FUSILAMENTO DA ESPERANZA (1923-1939)

Crise, caída da bolsa de Nova York. A República. Congreso da Federación da Terra en Betanzos. Vitoria electoral da Fronte Popular. Alzamento franquista e Guerra Civil.

Neste capítulo cóntasenos o apagamento da vida sindical durante a Dictadura de Primo de Rivera e o seu forte renacer durante a Segunda República, proclamada o catorce de abril de mil novecentos trinta e un. O protagonismo das dúas centrales históricas, UGT e CNT, tivo en Galicia unha especial proxección no mundo rural a través da Federación da Terra e da Unión Campesiña.

Os anos da República e da fracasada Revolución de Outubro de mil novecentos trinta e catro foron especialmente intensos nas loitas obreiras. Foron anos de soños, nos que España se adiantou ós tempos. Foi o soño roto polo estoupido da Guerra Civil que, durante anos, mandou o sindicalismo ás catacumbas da clandestinidade. A Guerra Civil supuxo unha longa paréntese de corenta anos na que os sindicatos, prohibidos e perseguidos, son substituidos polo réxime franquista polos chamados "sindicatos verticais".

5. NA ESCURIDADE DA LONGA NOITE. A POSGUERRA: SUPERVIVENCIA E CLANDESTINIDADE (1940-1960)

Foro do Traballo e prohibición dos sindicatos. Castelao en Bos Aires. Galeuzca. Lei de contratos de traballo. Protestas obreiras. Morte do guerrilleiro Manuel Ponte. Editorial Galaxia. Detención e morte do Foucellas.

Os horizontes de progreso que viñan apuntándose no ceo de Galicia gracias á industrialización e a modernización, e a intensa vida política dos sindicatos durante a República, foron substituidos por horizontes escuros e afastados. Os soños da revolución deixáronlles paso ós peores pesadelos. Neste capítulo imos lembrar eses anos escuros da posguerra e das primeiras décadas da dictadura. Anos no que o sindicalismo de clase foi borrado do mapa político e substituído polo chamado "nacional sindicalismo".

6. POLA VOSA LIBERDADE E A NOSA. A CONQUISTA DA LIBERDADE SINDICAL (1960-1970)

Folgas en Ferrol e Vigo. Eleccións sindicais no vertical. Brañas de Gratiñeiras. Nace a UPG. Expropiacións de Castrelo de Miño. Nacemento de Comisións Obreiras. Proceso dos vintetrés. Folga Xeral en Vigo. Fin da transición sindical (primeiras eleccións democráticas).

Neste capítulo, que nos vai conducir ata ás portas da transición sindical e á conquista das liberdades, achegámonos a unha das páxinas máis senlleiras do movemento obreiro galego. O dez de marzo de mil novecentos setenta e dous, na ponte das Pías de Ferrol, os obreiros Amador Rey e Daniel Niebla caen baixo as balas da policía.

É a explosión dun conflicto laboral que leva semanas de xestación. A Mariña de Guerra, a Policía Armada e a Garda Civil toman militarmente unha cidade sobrecollida polo medo e a ira. Aquel dez de marzo do setenta e dous permanece na memoria do noso país como o día no que os galegos rendemos homenaxe á loita e ó sacrificio de miles de homes e mulleres en defensa da dignidade e dos intereses dos traballadores. Aqueles tráxicos sucesos marcaron o comezo da transición sindical.

ROLL

Guión: Antonio Lodeiro, Luís Liste, Carlos Vázquez y Valentín Carrera
Realización: Pedro Narciso y Lucía Rodríguez
Ayudantes de realización: Ana Lozano y Cristina Martíns
Cámaras: Francisco Vidinha, Marcos Gallego, Julio Ferreiro y Alberto Trabada
Sonido directo: Alberto Beade
Montaje: Eurico Bastos, Carlos Silva y Videomaster
Postproducción: TVG
Maquillaje: Carmín, TVG
Peluquería: Fernando Peluqueros
Sonorización: TVG, Area 5.1. La Factoría Audiovisual
Revisión Lingüística: Paulino Novo
Narración: Gonzalo Faílde
Coplas Populares: Sergio Cobos
Presentación: Uxía Blanco
Producción: Inmaculada Castaño y Antonio Costa Valente
Dirección: Valentín Carrera
Asesoramiento histórico: Ramón Maíz, Carlos Vázquez, Xosé Fortes y Víctor Santidrián
Agradecimientos: Manuel Amor Deus, Ramiro Romero, Fina Frijomil, Luís Alonso, Paco Balón, Isaac Díaz Pardo, Emilio Grañido, Xosé Fortes, Waldino Varela, Gómez Alen, Santos Costa Barroso, Sari Alabau, Benedicto, José Luís Santiago, Familia Cajaraville, Familia Cobos, Sociedad de Agricultores de Calo, Fundación 10 de marzo, Centro Galego das Artes e da Imaxe (CGAI), Biblioteca Garcés, Museo da Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela, Cine-Club Avanca, Continental Producciones
©Televisión de Galicia e IBISAtv, 2000

IMAGEN GRÁFICA

CARTEL

FOTOS PROMOCIONALES